



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Literatura. cultura e diversidade		Código	613484020	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Inglesa				
Coordinación	Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	begona.simal@udc.es		
Profesorado	Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	begona.simal@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Estudo do impacto cultural da diversidade, entendida como a estratificación ?racial?, étnica e cultural. Análise e comprensión das distintas manifestacións culturais e literarias desde estos marcos teóricos: alteridade, diversidade e multiculturalidade; conceptos de ?cultura?, ?etnia? e ?raza?; inmigración, diáspora e identidade transnacional; dinámicas de asimilación, hibridación e resistencia; da multiculturalidade á ?post-multiculturalidade?.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B2	Demostrar un compromiso ético contra as desigualdades.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Comprender os principais conceptos relativos a diversidade cultural e a multiculturalidade.	AM3 AM4 AM6 AM10	BM1 BM3 BM5	CM2
Coñecer e comprender a diversidade do mundo a través de textos literarios e fílmicos no ámbito anglófono.	AM1 AM4 AM8 AM10	BM1 BM5	CM2 CM4
Analizar diversas formas e produtos culturais e artísticos nos que se reflicta a diversidade e a multiculturalidade.	AM2 AM3 AM5 AM6 AM8 AM9 AM10 AM12	BM1 BM3	CM2
Profundar na interpretación de obras literarias e no coñecemento e aplicación da crítica literaria.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM8	BM3	CM2 CM4
Analizar a resolución das tensións identitarias en espazos de conflito e os factores positivos da multiculturalidade, así como levar á práctica os valores de respecto, tolerancia e xustiza en espazos de diversidade.	AM3 AM4 AM5 AM10 AM12	BM1 BM2 BM3 BM4 BM6	CM2 CM4 CM6
Aprender a investigar nos campos da diversidade e o multiculturalismo a través de recursos bibliográficos tradicionais e mais coa axuda das novas tecnoloxías.	AM7 AM8 AM13	BM1 BM4 BM5 BM7 BM8	CM2 CM3 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción.	Alteridade, diversidade e multiculturalidade no mundo actual.
2.- Marco teórico.	<ul style="list-style-type: none"> - conceptos de ?cultura?, ?etnia? e ?raza?; - inmigración, diáspora e identidade transnacional; - dinámicas de asimilación, hibridación e resistencia; - da multiculturalidade á ?post-multiculturalidade?.



3.- A diversidade no ámbito anglófono: literatura, cine e outras manifestacións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Kingston: The Woman Warrior (book) - Smith: White Teeth (book) - Yamashita: Through the Arc of the Rainforest (book) - The Wedding Banquet (film) - Crash (film)
--	--

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	1	2
Discusión dirixida	5	5	10
Traballos tutelados	0	18	18
Presentación oral	2	1	3
Lecturas	0	20	20
Análise de fontes documentais	5	5	10
Sesión maxistral	8	0	8
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Descrición dos obxectivos e contidos da materia, a súa metodoloxía e a súa avaliación. Brainstorming sobre os temas da materia. Pesca e volcado de información.
Discusión dirixida	Nesta actividade, partindo dos textos fílmico-literarios, de fontes secundarias relevantes e das explicacións da docente, se animará ao alumnado a participar, por medio de preguntas ou temas de debate, no análise e interpretación de textos, fenómenos culturais e outros conceptos relevantes.
Traballos tutelados	Cada estudante realizará un traballo escrito de extensión breve (2500-3000 words), en torno a un tema ou aspecto a elixir (interpretación dun texto literario ou fílmico, ou estudo comparativo), traballo que resumirá para a súa exposición oral.
Presentación oral	Esta exposición oral complementa os traballos tutelados.
Lecturas	Cada estudante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), maioritariamente, e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida (artigos, capítulos?). En clase so se levará a cabo a lectura de textos cando estes sexan breves; en cambio, o visionado das películas si terá lugar nas sesións presenciais.
Análise de fontes documentais	Nas sesións sinaladas na planificación os alumnos analizarán tanto as fontes primarias (textos e filmes) como fontes secundarias que interpreten os textos ou que exploren conceptos relevantes para a materia.
Sesión maxistral	Neste tipo de sesións a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos (películas, novelas, memorias) a analizar, se explorarán os conceptos teóricos máis relevantes arredor do tema central da materia (multiculturalismo e postmulticulturalismo, etnicidade e transetnicidade, os fenómenos diaspóricos e transnacionais), e finalmente se proporcionarán pautas de análise textual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Cada estudante precisará dunha orientación persoalizada na selección de temas e na investigación necesaria para executar este traballo (research essay) e a presentación oral que o complementa, ademais de certa axuda para resolver outras dúbidas ou problemas puntuais na materia.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Discusión dirixida	A discusión dirixida levarase a cabo en sesións de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase a participación activa de cada estudante no debate ou discusión, ademáis da calidade do resultado.	30
Traballos tutelados	Valorarase os coñecementos adquiridos, a orixinalidade dos enfoques e das aportacións, e a corrección da expresión escrita.	40
Presentación oral	Como complemento do traballo tutelado, neste caso, ademáis dos contidos e a orixinalidade do traballo e a corrección lingüística, valorarase o manexo de distintas ferramentas para a exposición oral.	10
Análise de fontes documentais	Nas sesións sinaladas na planificación os alumnos analizarán tanto as fontes primarias como fontes secundarias que interpreten os textos ou que exploren conceptos relevantes para a materia. A calidade do devandito análise computará a efectos de avaliación.	20

Observacións avaliación

A avaliación da materia levarase a cabo de forma continua. Nela terase en conta:

(1) os coñecementos adquiridos e a súa aplicación práctica

(2) as competencias amosadas nas actividades avaliábeis encomendadas, especialmente a competencia lingüística e argumentativa

(3)

o traballo continuado que desenvolva o/a estudante, a asistencia e participación nas sesións presenciais e a súa contribución activa.

ESTUDANTES CON DISPENSA: a/o estudante que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia ao principio de curso para planificar os axustes necesarios no proceso de aprendizaxe-avaliación.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Wong, Sau-ling (1993). Reading Asian American Literature: From Necessity to Extravagance. Princeton: Princeton UP - Sollors, Werner (1987). Beyond ethnicity: consent and descent in American culture. Oxford: OUP - Brah, Avtar (1996). Cartographies of Diaspora: Contesting Identities. Routledge: London - FILME 2 (obr.) dir. por Paul HAGGIS (2005). Crash. Canada/USA - Said, Edward (1994). Culture and Imperialism. New York: Vintage. - Takaki, Ronad (2002). Debating Diversity: Clashing Perspectives on Race and Ethnicity in America.. New York: Oxford University Press. - Bauböck, Rainer and Thomas Faist (2010). Diaspora and Transnationalism: Concepts, Theories and Methods. Amsterdam: Amsterdam University Press. - (). Diaspora: A Journal of Transnational Studies. Universidad de Toronto Press at http://www.utpjournals.com/diaspora - Radhakrishnan, R. (1996). Diasporic mediations: between home and location. Minneapolis: University of Minnesota Press - Hutchinson, John, Anthony D. Smith (1996). Ethnicity. Oxford: Oxford UP - Cohen, Robin (1997). Global diasporas: An introduction.. London: UCL Press - Appadurai, Arjun (2005). Globalization. Durham: Duke University Press. - Tomlinson, John (1999). Globalization and Culture.. Cambridge, UK: Polity Press. - Pratt, Mary Louise (1993). Imperial Eyes: Travel Writing and Transculturation. London: Routledge. - (). JTAS: a Journal of Transnational American Studies. University of California, at http://escholarship.org/uc/acgcc_jtas - (). MELUS: Multiehtnic Literature of the United States. Univerity of Amherst / University of Connecticut (access via UDC library) - Gutmann, Amy (1994). Multiculturalism. New Jersey: Princeton University Press, - Goldberg, David Theo (1994). Multiculturalism: A Critical Reader. Cambridge: Blackwell - Basch, Linda, Nina Glick Schiller, and Cristina Szanton-Blanc (1993). Nations Unbound: Transnational Projects, Postcolonial Predicaments and Deterritorialized Nation-States. Amsterdam: Gordon and Breach - Hollinger, David (1995/2005). Postethnic America: Beyond Multiculturalism. . New York: Basic Books - Solomos, J. (1993). Race and Racism in Britain. . London: Macmillan. - Ashcroft, Bill; Gareth Griffiths, and Helen Tiffin, (1989/2002). The Empire Writes Back: Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. London and New York: Routledge - Steinberg, Stephen (1989). The Ethnic Myth: Race, Ethnicity and Class in America. Boston:Beacon Press - FILME 1 (obr.) dir. por Ang LEE (1993). The Wedding Banquet. Taiwan/USA - Kingston, Maxine Hong (Obr.) (1976). The Woman Warrior. New York: Vintage / Everyman's Library - Wald, Alan (1987). Theorizing Cultural Difference. MELUS: Multiehtnic Literature of the United States - Yamashita, Karen Tei (Obr.) (1990). Through the Arc of the Rain Forest. St. Paul: Coffee House press - Smith, Zadie (Obr.) (2000). White Teeth. London/New York: Vintage. - Hussain, Yasmine (2005). Writing Diaspora: South Asian women, culture, and ethnicity . Hampshire: Ashgate Publishing - Radhakrishnan, R. (1987). ?Culture as Common Ground: Ethnicity and Beyond?.. MELUS: Multiehtnic Literature of the United States - Safran, J. (1991). ?Diasporas in Modern Societies?quot;. Diaspora: A Journal of Transnational Studies
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura. cultura e xénero /613484019

Materias que continúan o temario



Recursos para a investigación da literatura/613484007

Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os textos longos de obrigada lectura antes do comezo da materia. Existen algunhas copias destes libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar en librerías tradicionais ou dixitais. Nas aulas so se levará a cabo a lectura de textos cando estes sexan breves; en cambio, o visionado das películas si terá lugar nas sesións presenciais. Por tanto, cada estudante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), maioritariamente, e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida (artigos, capítulos?) ANTES DA SESIÓN na que se analicen as correspondentes fontes documentais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías